

Prólogo

Xabier Cordal Fustes

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL FUSTES, XABIER (2011 [1998]). “Prólogo”. En Iris Cochón e Helena González, *Upalás. Escolma*. Vigo: Xerais, 5-8. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1206>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL FUSTES, XABIER (1998). “Prólogo”. En Iris Cochón e Helena González, *Upalás. Escolma*. Vigo: Xerais, 5-8.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

PRÓLOGO

[Á ESCOLMA DE ROMPENTE *UPALÁS*, 1998]

Xabier Cordal Fustes

Felicitémoste por achegar a vista a este libro. Principalmente se es nova/o e non sabes aínda que todo o que hai entre nós de contemporáneo procede case sempre de nós, incluída a enerxía eléctrica.

Que eu recorde, o cal non é moito dicir, os primeiros que tentaron electrificar a poesía galega (enténdase «electrificar» como metáfora visionaria; diría Anxo Angueira «os plans de electrificación rural orientáronse ao esquizo»); tamén lembro alguén da ex-aldea paterna que lle pedira a luz a Fenosa e o equipo de instalación apareceu anos despois, cando xa ninguén vivía alí e marcharan fartos da televisión a pilas) foron ao mellor o Manuel Antonio, ou eses poemiñas de Risco ou Eugenio Montes. O ensaio interrompeuse: un finou e os outros dous multiplicáronse por cero con gran éxito, de maneira que a poesía galega seguiu sendo un *artefauto*, encantador pero plenamente manual, incluído Cunqueiro, que encargara a alta tensión por un chófer de Abadín que despois lle marchou cunha orquestra de zarzuelas aproveitando as clases que dera co párroco de Moncelos por socializar o medio rural aínda que fose no *género chico*.

Ou sexa, antes que os amperios chegou a tristura. Despois organizouse unha maquinación, obviamente sentimental, para condenar a quen defendese a integración na rede eléctrica das nosas palabras. As maquinacións sentimentais non teñen éxito porque as move un fondo sentido humano, pero retrasan o mundo que dá gusto. Celso [6] Emilio Ferreiro decatouse da trama, e, disfrazado de existencialista, foi calzando por algunhas leiras de Milmanda os postes da luz, e ficaban escuros coma o seu tempo (tampouco era cuestión de meterlles unha bombilla no curuto, que así se volverían torre de marfil). Quero dicir que ter a calefacción a douscentos vinte cando o resto do barrio continúa practicando o do lume novo non pasa de ser unha forma máis de budismo, ou sexa, de alcanzar a iluminación un por conta propia para despois explicarllela aos veciños que non falecesen aquel mes.

A partir de aquí seremos máis inxustos; está por escribir a historia recente da nosa poesía, e non falo dos anos de agora, dos que imos acabar sabendo demasiado. Dígoo porque ninguén cita moito a Margarita Ledo nisto da electrificación, o cal demostra que a maquinación continúa (hoxe que pagamos o recibo da luz por miles temos morriña do monte e de Iglesia Alvariño, que escribía ben), e que se un poeta non reparte manualmente a propaganda dos seus libros acaba por existir pouco, parecido a multiplicarse por cero con decimais. Pexegueiro, e mirade que hoxe o meu ordenador trae as citas coma as cereixas, fala dos «fíos de cobre no tempo» ou algo así; unha fermosa imaxe que era preludio, gracias tamén a que Méndez Ferrín se puxera o mono cando cumpría. Eu non conto a historia de Rompente porque non a sei. Sábena eles, cada un dos de Rompente (non os enumero; mesmo hogano

algún estudio empeza xa a detectar a súa presenza na terra alá pola era da Restauración monárquica, cando o nacionalismo, coma Lucky Luke, purgaba nas sombras).

Un alumno inolvidable dividía no exame aquel os bloques do galego: occidental, oriental e dental. Rompente era o galego dental: un idioma que deixaba –díó a nosa tradición de ruptura– de ser artiluxio de succión para xente cultivada ailalalo, e comezaba a morder doutra maneira, [7] qué remedio: produción, información, mercadoría. O proxecto da electricidade con décadas de retraso, mais consciente, organizado, organizado abondo para o caos que insinuaba este país. A Rompente deducímolo nosoutros antes de lelo –ía poñer nosoutras; nosoutras menos, que non saímos nada no relato, a pesar da invención da máquina de lavar– na Coruña, en Pontevedra, nas Pontes de García Rodríguez. O sector fabril controlado en Ferrol polos que xa se sabe estaba empeñado en chamarlle «Puentes», coa escusa de que nin Aquilino nin don Álvaro lle fixeran poemas ao lignito. Rompente estaba nos tractores, nos recitais que non é posible transcribir nin o ha de ser nunca, na indiferencia colonial que o vecindario de Monte Alto sentía por todos os poemas do universo, pero especialmente polos ditos no seu idioma. A finais dos setenta e principios dos oitenta, que era cando se berraba «nin xunta nin rosón, autodeterminación», parecían triunfar sen embargo a autonomía na rúa e o neodecadentismo (centroeuropeo, cunqueirían) no texto. Pois mira ti que se convoca o referendo dos oitenta para ver se queríamos que nos cedesen unha pequena parte da soberanía popular (?), e non vota nin cristo. Sobre asistencia a recitais poéticos non dispoñemos de datos. Con todo, mentres a miseria oficial se instalaba nos edificios públicos, Avendaño, Romón, Reixa e demais colaboradores arrastraban glichada e debate nas súas xa lendarias *jam session*.

¿Triunfou entón a maquinación artesanal indicada hai un pouco? Non, madia leva; triunfou Unión Fenosa. E analizar as causas de por que hoxe está todo como está levaríanos a outra serie de maldades herméticas, así que imos ser positivos. Sen Rompente, a paisana ou o paisano que nos aparecen subidos aos tractores na beiravía («beiravía» supera pola esquerda a outros termos coma «úpalas!» ou «ouxetivos») presentarían unha imaxe de sombra, de deso-[8]lación. Serían foto de concurso. Sen Rompente non habería festa da dorna en Ribeira; sen Rompente, as feiras de callos que na radio nacional de Galicia se exaltan o domingo pola mañá non nos farían puta gracia, pois seguiríamos coa teima de fabricar unha épica. Eles, Rompente mostráronnos, *avant la lettre*, que en habendo feiras de callos auspiciadas polo folclore da reacción, aforramos verso alexandrino. A Rompente hai que agradecerlles, ademais, o disimulo de gran parte da crítica e dos manuais daquel tempo, ata os noventa. Pintaron así por algures o xeroglífico do que hai que facer nas crecidas da cultura sucursal: hai que agacharse, ou sexa, participar da xente –de nós– e ulir a lañadura para comprobar por onde verte o gasóleo. Desde Rompente naceu unha alternativa, no poema e nos xornais, ás columnas eruditas, solitarias, melancólicas, que asasinan este idioma de puro socorrismo (a piedade e as epifanías tenden a abusar do pobre).

Rompente é un proceso. Esta selección que se ofrece á atención do público contén textos de diverso valor, desde o propiamente histórico –manifestos que se adoitaban citar ás cegas, razoamentos en voz alta do grupo, case coa andamiaxe posta aínda– ata logros literarios insuperables coma os de *A dama que fala*. Aquí vos vai logo a vida, permanece intacta nestes versos. Deixádea rir cando lle pete, ah, e batallade co libro en voz alta, que ben que presta un supoñer de *happening* na sala da casa, coa avoa mirando. E os que teñan morriña do Sheriff King que lean outra cousa. Os que teñan morriña.

